

I CERTAME LITERARIO

CONCELLO de PARADELA

PREMIOS POESIA E NARRATIVA

MANUEL-ORESTES RODRIGUEZ LOPEZ



Paradela (Lugo), 1995



Celebrado o primeiro Certame de Narrativa e Poesía "*MANUEL-ORESTES RODRIGUEZ LOPEZ*" e ó saír á rúa a publicación das obras premiadas, sente o noso Concello a ledicia que ten aquel que fai posible avivecer o pensamento e a obra de quen dá nome a este Concurso. Personaxe que deixou dabondo pagado coa súa obra, e en especial en quen tivo a sorte de coñecelo e compartir con el moitas horas de edificante conversa cheas de fondo sentir, de grande espiritualidade e amosando o seu profundo amor pola nosa terra, polas nosas xentes.

Como xa decía, co gallo do seu nomeamento de "Fillo Predilecto de Paradela", o catro de novembro de mil novecentos noventa, Manuel Orestes vive para sempre entre nós, pois acadou a inmortalidade coa súa labor. Aquí está a confirmación do dito: un lustro despois, gracias ás súas inquedanzas e recollendo a súa testemuña, é posible continuar co seu ideario, permitíndonos a nós, responsables do Goberno Municipal, desenvolver unha labor de apoio ó feito cultural da nosa terra, á vez que concede a oportunidade a todos aqueles que coma Manuel Orestes, teñen a grandeza de ser mestres da sociedade e gozan da sensibilidade necesaria para espertar a espiritualidade de cadaquén, convertíndoa na alma do pobo, que é a súa cultura.

Non se podía postergar por máis tempo a manifestación do sentir de agradecemento do pobo de Paradela hacia a persoa e a obra do noso Fillo Predilecto, Manuel Orestes, á vez que nos viamos na necesidade de otorgarlle, por fin, un recoñecemento público xenerosamente merecido, e coidamos que é a nosa obriga transmitir ás xeneracións futuras as ensinanzas recibidas de tan insigne personaxe.

Así naceu o *PREMIO LITERARIO MANUEL-ORESTES RODRIGUEZ LOPEZ*, que en mil novecentos noventa e cinco acadou o seu primeiro certame, quedando gratamente sorprendidos pola alta participación acadada e pola calidade das obras presentadas, a pesar da súa escasa divulgación e da nosa inexperiencia neste eido.

Dende estas páxinas expresamos a nosa gratitude a tódolos participantes, e felicitamos ós gañadores: *D. AGUSTIN HERMIDA CASTRO*, gañador en Poesía coa súa obra "*ENTREGADO JOC PARTIT CREPUSCULAR*" e a *Dª BEATRIZ PIÑEIRO CALVO*, gañadora en Narrativa coa súa obra "*EL GATO QUE SE CONVIRTIO EN MOSCA*".

Agradecemos, igualmente, a participación dos Membros do Xurado, pola dedicación que nos mostraron e a paciencia que tiveron que ter con nós como principiantes que eramos.

Tan só nos resta invitar a participar no Segundo Certame do Premio Literario que se convocará a primeiros de setembro, a todos aqueles, que coma nós, sintan inquedanzas literarias, animándoos a non desfalecer na súa labor creativa cultural.

En Paradela, a dez de xullo de 1996.

O ALCALDE

Asdo.: **D. Xosé Manuel Mato Díaz**

BIOGRAFIA

MANUEL-ORESTES RODRIGUEZ LOPEZ, poeta, escritor e traductor, naceu en Randulfe, San Miguel de Paradela (Lugo) o 11 de decembro de 1934. Residiu na emigración en Barcelona dende os seis anos ata 1987, data na que se afincou definitivamente na cidade de Lugo, onde faleceu o 13 de febreiro de 1990.

Fixo estudos de Humanidades e Filosofía no Seminario Diocesano de Barcelona, e de Contabilidade e Lexislación Laboral, traballando como xefe administrativo do departamento de personal nunha industria siderometalúrxica.

O longo da súa vida demostrou unha gran preocupación pola cultura e por Galicia, tanto na súa longa emigración en terras catalanas, onde chegou a ser cronista de tódolos actos referidos a Galicia celebrados en Catalunya, coma unha vez establecido en Lugo.

Froito das súas actividades literarias, publicou diversos libros nos que firma como Manuel Rodríguez López, permanecendo parte da súa obra inédita. En verso publicou: "*POEMAS POPULARES GALEGOS*" (1968), "*SAUDADE NO BULLEIRO*" (1970), "*SOLDADA MINIMA*" (1979), "*ONTE E HOXE VIVENCIAL*" (1995) e "*A ATLANTIDA*" (1995), traducción ó galego da obra de Jacint Verdaguer. En prosa: "*REENCONTRO COA ALDEA*" (1983), "*GALEGOS EN CATALUNYA 1978-1982*" (1983), "*GALEGOS EN CATALUNYA-2*" (1985), "*VIAXES CON ANXEL FOLE*" (1988), "*FESTA DA VIRXE DAS DORES DE PARADELA 1989*" (1989), libro-programa das festas e "*VOLTA A ESPAÑA A PE*" (1990), traducción ó galego do libro de Manolo Silva.

Ademais, colaborou en diversos libros colectivos, entre os que se atopan "*HOMAXE O CHE*" (1970), "*A NOSA TERRA*" (de "Libro de Oro", no centenario de Ramón Cabanillas) (1976), "*HOMENAXE MULTINACIONAL A CASTELAO*" (1976), "*GALICIA NO ANO 1979*" (1979), "*JOSE Mª ACUÑA*" (1983), "*OS ESCRITORES LUCENSES ARREDOR DE FOLE*" (1986), "*VOCES POETICAS*" (1987) e "*ALIAD-ULTREIA. POESIA. PINTURA*" (1993).

Acadou numerosos premios, entre os que destacan os primeiros premios de poesía "MEIGAS E TRASGOS" de Sarria nos anos 1976 e 1980 cos poemas "TI ES ETERNO" e "NEOPLASIA", respectivamente; o Premio Xosé M^a Chao Ledo no III Certame Literario de Vilalba, en 1977, con "A EMIGRANTE" e o primeiro premio do Certame Literario de Begonte en 1985 coa obra "NOITE DE NADAL".

En prosa, coa peza teatral "VIVIMOS UNHA LONGA TRAXEDIA", conseguiu o primeiro premio "Nós" de Barcelona en 1980; ademais, en Sarria mereceron premio os seus contos "A MEIGUIÑAMEIGA E OS TRASGOS" (1977) e "QUEN ME DERA ATOPARME CO TRASGO" (1986) e, en Baracaldo, "BAIXA VOLUNTARIA" (1978). Nos "PREMIOS GALICIA DE XORNALISMO", quedou finalista na sección de "Reportaxe", nas convocatorias de 1985 e 1987.

Manuel Rodríguez López colaborou asiduamente en medios informativos de Galicia, Catalunya e Arxentina. Publicou gran cantidade de artigos en diversos xornais e revistas de Buenos Aires; en *Coordenadas e Dorna*; no *Boletín*, en *Treboada* e *Alborada* do Centro Galego de Barcelona, do cal foi Cronista Oficial. Foi corresponsal de "Faro de Vigo" e de "El Ideal Gallego" na Cidade Condal, onde firmaba como MANUEL-ORESTE R. L., e habitual colaborador de "El Progreso" de Lugo, "La Voz de Galicia" e "Praza Maior" (voceiro do Concello de Lugo). Ademais, colaborou en temas de historia lucense, monumentalidade e viaxes en "Radio Nacional de España" en A Coruña e "Radio Popular" de Lugo.

Xerardo Moscoso, Suso Vaamonde, Alfredo González e M^a Carmen Otero musicaron e cantan varios dos seus poemas en numerosos recitais.

Co gallo do seu pasamento, foi nomeado "Fillo Predilecto do Concello de Paradela" e "Lucense del año", inaugurándose tamén en 1990 a Casa de Cultura de Paradela co nome de "Manuel Rodríguez López".

BASES

PRIMEIRA: Establécense un Premio de 50.000 pesetas para a obra que resulte seleccionada polo Xurado dentro do apartado de Poesía e outro de 50.000 pesetas para a obra que resulte seleccionada polo Xurado dentro do apartado de Narrativa.

SEGUNDA: Os relatos terán unha extensión de cinco a oito folios. En ámbolos dous casos, escritos a máquina a dobre espacio. Deberán ser orixinais, inéditos, non premiados en calquera outro tipo de concurso e estar escritos en galego ou en castelán.

TERCEIRA: O prazo de entrega dos relatos e da obra poética rematará o quince de decembro de 1995. Presentaranse no Rexistro de Entrada do Concello de Paradela, por quintuplicado exemplar, sen sinatura e cun lema. Adxuntarase un sobre no que figure o devandito lema e dentro del unha cuartilla co nome, dous apelidos e teléfono do autor. No caso de participación en ámbolos dous apartados, deberase concursar en cada apartado por separado, utilizando un lema propio en cada caso e presentando a obra por separado.

CUARTA: O Xurado designado polo Excmo. Concello de Paradela pode deixar deserto o premio nun ou nos dous apartados e a súa decisión será inapelable.

QUINTA: As obras premiadas pasarán a ser propiedade do Excmo. Concello de Paradela, que se reserva o dereito a publicarlas.

SEXTA: O autor ou autores premiados convocaranse ó acto de entrega dos premios, que terá lugar en Paradela, na data que se fixe polo Excmo. Concello.

SEPTIMA: Os traballos non premiados poderán recollese ata o día trinta de decembro de 1995. Os que non foran recollidos destruíranse pasado este prazo.

OCTAVA: A resolución de tódalas cuestións que poidan xurdir ou plantexarse nesta convocatoria, é de exclusiva competencia do Excmo. Concello de Paradela e do Xurado.

Paradela, outubro de 1995.

FALLO DO XURADO

Acta de constitución do Xurado "I Certame Literario Manuel-Orestes Rodríguez López"

Reunidos no salón de sesións do Excmo. Concello de Paradelá, sendo as once horas do día quince de abril de 1996. O Xurado designado para o fallo do "I Certame Literario Manuel-Orestes Rodríguez López", formado polos señores:

- D. Xosé Manuel Mato Díaz (Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Paradelá).
- D. Antonio Calvo Varela (Ilmo. Sr. Delegado Provincial da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia en Lugo).
- D. Xesús Mato Mato (Sacerdote).
- D. Xulio Xiz Ramil (Funcionario da Delegación Provincial de Cultura en Lugo, escritor e periodista).
- D. Santiago Rodríguez López (fillo do homenaxeado).
- e D^a María José Fernández López, Secretaria do Excmo. Concello de Paradelá, que da fe do acto.

Examinados os traballos presentados, o Xurado acorda por unanimidade:

PRIMEIRO: Otorgar o Premio de POESIA, á obra presentada baixo o lema *XILGARO*, titulada "ENTREGADO JOC PARTIT CREPUSCULAR", por D. Agustín Hermida Castro.

SEGUNDO: Otorgar o Premio de NARRATIVA, á obra presentada baixo o lema *MIA-ONG-LI*, titulada "EL GATO QUE SE CONVIRTIO EN MOSCA", por D^a Beatriz Piñeiro Calvo.

E para constancia do tratado, levántase a presente acta, en Paradelá, na data arriba indicada, do que como Secretaria dou fe.-



FDO: D. XOSÉ MANUEL MATO DÍAZ.

FDO: D. ANTONIO CALVO VARELA.

FDO: D. SANTIAGO RODRÍGUEZ LÓPEZ.

FDO: D. XESÚS MATO MATO.

FDO: D. XULIO XIZ RAMIL.



FDO: D^a MARÍA JOSÉ FERNÁNDEZ LÓPEZ.

Premio

MANUEL - ORESTES
RODRIGUEZ LOPEZ

POESIA

ENTREGADO JOG PARTIT CREPUSCULAR

LEMA: XILGARO

I *o cervo do monte*
a águia volvia Pero Meogo

Cando che digo cervo o que desexo
é que érga-la ollada ó horizonte
e me atopes alí, no alto monte,
cervo fermoso, amante eterno e rexo.

Cando che digo cervo é porque vexo
que me agardas peiteándote na fonte,
negras garcetas, e hoxe coma onte,
coma mañá, un claro cervo ó axexo.

Non che digo senhor, non, nin amada,
nin dona anxelical, nin sol ardente.
Cando che digo cervo é que asubía

o vento montesí, e que a luzada
tanxe a prata salaz desa corrente
que un cervo baldoaba e remexía.

II

Non un colar de perlas nin de prata,
un colar de metáforas che ofrezo
que agochan canto son (amor, devezo,
paixón...). Eis: opio que engaiola e mata,

lúbrico azor, teimudo nó que ata
noite con día, orgasmo con desprezo,
rosa tatuada en que eu, espiña, crezo,
sendeiro esgrevio que xamais remata.

Non un colar de xades nin de ouro,
de imaxes é o colar: marea, onda
que agacha galeóns, illa e tesouro,

aguia louzá que tremo se me ronda,
ti ardente estoque, eu sangue de touro,
ti bébedo volcán, eu lava fonda.

III

Se digo noite ti dis lúa chea,
se digo auga ti respondes río,
se digo neve, tremas polo frío,
se digo praia ti dis fina area.

Se digo reixas ti tra-la cadea,
se digo que son libre ti es esquío
fugaz; eu tolo, ti o meu desvarío;
se digo sangue ti dirás que es vea.

Se digo tempestade ti dis ceos
azuis, tronos e sol, eterna teima;
se digo canto ti dis outo vífore.

Se digo sexo ti dis colo, seos,
corpo entregado, pés, lingua que queima,
pube, labios, mamilas, ventre, clítore.

IV

Amor din que se chama este devezo
de querer ter cen anos nun só día,
este axeonllarse ante unha tiranía
á que outras non fan caso e eu obedezo.

Amor din que é este ar que non ten prezo,
esta noite tan calma, esta auga fría,
esta palabra gris: melancolía,
esta blasfemia súbita nun rezo.

Amor din que é enfermarse de puro ledor,
caer, erguerse, rir, voltar ó mundo
que fai de todo un puro desvarío.

Entón é amor, ¿por que vou sentir medo
de proclamar que é amor bello e profundo
o que de ti recibo, o que eu che envío?

V *on es mesura el temps pel que
s'espera tan sols* Carles Riba

O que che dixeron onte non foi nada;
o que agora che digo é moi pouco;
mañá será algo máis, de puro louco
que me pon verte núa na alborada.

E cada vez será algo máis, e cada
segundo irá medrando o meu relouco,
e cada día máis ávido e máis rouco
de tanto amarte co adxectivo cada.

Querería que o tempo se parase
e posuírte enteira, sen resquicios,
sen hoxe, sen pasado e sen futuro.

Amar é iso, eternizarse case
nunha pel, nun cabelo, nos indicios
que nos falan da herba nun chan duro.

VI

¿E que se agora calo coma a lúa,
coma a noite mariña, coma a pedra,
e nun silencio cósmico que arredra
penetro en ti co ímpetu da púa?

¿E que se agora calo e son a rúa
antes da luz, se son talo que medra
desde os teus pés, se trepo coma a hedra
pola túa quente fortaleza núa?

¿E que se agora calo e son a terra
sumisa á rella, a chaira, a sede
agónica da auga que a anega?

¿E que se agora son a paz, a guerra,
se son locuaz silencio, densa rede,
se calo e son muller, paixón, entrega?

Autor: Agustín Hermida Castro



Premio

**MANUEL - CRESTES
RODRIGUEZ LOPEZ**

NARRATIVA

EL GATO QUE SE CONVIRTIÓ EN MOSCA

LEMA: MIAONG-LI

Miaong-Li era la mascota de Su Majestad el Emperador de China. Era un hermoso gato de angora, de suave y blanquísimo pelaje. Descendía de una estirpe de honorables gatos criados por los monjes, exclusivamente, para los Emperadores. Vivía con cuanto lujo se pueda imaginar: Las paredes de sus estancias habían sido recubiertas de oro con encajes de amatista y lapislazuli; el suelo estaba acolchado con plumas de ganso, su comida era cocinada por los más renombrados gastrónomos y se les servía en cubertería de plata con incrustaciones de diamantes...

Mas ser el juguete de Su Majestad tenía sus inconvenientes: No se le permitía salir de Palacio, jugar con los otros gatos, asomarse a las ventanas o cazar las cucarachas que deambulaban por la cocina. Para Miaong-Li, el Universo se reducía a las cuatro paredes de Palacio, que jamás había traspasado, aunque tampoco lo deseaba: No se le ocurrió pensar que, detrás de la puerta se escondía todo un mundo por descubrir.

Un día, cuando estaba durmiendo su siesta de las doce, una especie de pasa alada se posó en su nariz, despertándole. Esto le enfureció muchísimo, pues su siesta era sagrada y ni el Emperador se atrevía a profanarla. ¿Cuanto más iba a hacerlo una miserable uva!. Con un hábil zarpazo, Miaong-Li le dio caza. Estuvo examinando aquella criatura durante un rato y se dio cuenta de que no era una pasa, sino un extraño animal.

- *¿Qué eres?* - le preguntó Miaong-Li.
- *¿Cómo que qué soy? ¿Es que nunca has visto una mosca?*
- *¿Mosca?* - repitió el gato - *¿Qué es eso?*
- *Pues... un bicho que siempre anda molestando* - explicó la mosca.
- *¿Ah, sí? Entonces será mejor que te devore* - decidió Miaong-Li.
- *¡Espera, no lo hagas! Si no sabes lo que es un insecto, supongo que no conoces el mundo.*
- *¿Mundo? ¡Claro que lo conozco! Es todo esto* - dijo el gato, describiendo un amplio círculo con la pata.
- *¡No! El mundo es muchísimo más grande. Si me sueltas te contaré cómo es* - propuso la mosca.

Miaong-Li, muerto de curiosidad, aceptó el trato. La mosca, desesperada por salvar su vida, empleó todas sus dotes de narradora, que no eran muchas. Describió todo lo que había visto en su corta, pero azarosa vida: Los mercados, llenos de deliciosos manjares; los bosques, con sus flores de embriagador perfume, la lluvia, el cielo...

Miaong-Li escuchaba embobado. Lentamente se fue despertando en él el espíritu de aventurero, característico de los felinos, de tal modo que, cuando la mosca terminó su relato, la sangre le hervía en las venas. Si no lograba escapar de Palacio, acabaría por volverse loco.

Le expuso su problema a la mosca, y ésta le propuso cambiar de cuerpos durante un día. Al parecer, había visto al Mago Real experimentando con una poción que tenía esa virtud. Sin pensárselo dos veces, Miaong-Li salió disparado cara al laboratorio.

Al llegar, vio que, milagrosamente (rara vez salía de aquella habitación) el brujo no estaba: Le habían traído un cargamento de raíces de mandrágora y quería ir a inspeccionarlo personalmente.

Rápidamente, la mosca y Miaong-Li entraron en la habitación. Tenía el tamaño de un campo de baloncesto, y estaba literalmente repleta de libros y frascos. Los gruesos volúmenes de las enciclopedias mágicas estaban apilados unos encima de otros, formando columnas, mesas e incluso algunos eran usados a guisa de sillas. Viendo la cantidad de sillas, que formaban una verdadera tela por encima de su cabeza, tan atiborradas de tarros y botellas, que algunos estaban sujetos con cuerdas para que no se cayeran y las dos o tres toneladas de polvo que lo cubrían todo, Miaong-Li pensó que sería imposible encontrar algo en medio de aquel caos.

Aún así, espoleado por la idea de que si el Mago les descubría pasarían a formar parte de su colección de animales disecados, apremió a la mosca a buscar la pócima. Esta se puso a revolotear alrededor de la mesa de libros, cubierta de frascos. Después de la angustiada búsqueda, logró encontrar lo que buscaba. Se posó encima de una diminuta botella triangular, al tiempo que gritaba al gato:

- *¡Es ésta! ¡Estoy ABSOLUTAMENTE segura!*

Al oír esto, Miaong-Li se abalanzó sobre la botella, derribando a la pobre mosca. Cogió la pequeña pirámide entre los dientes y salió disparado escaleras arriba. No tardó ni treinta segundos en recorrer los cien metros que le separaban de su habitación. Cuando llegó comprobó, aliviado, que la mosca había sido capaz de seguirle.

Utilizando sus uñas a guisa de sacacorchos, abrió la botella y vertió su contenido en su bebedero de oro macizo. Un desagradable puré azul salió de la pirámide.

Miaong-Li se quedó mirándolo con cara de asco. Desde luego, aquello era cualquier cosa menos apetitoso. No se habría atrevido a beberse si no hubiera visto la rapidez con que la mosca bebió un trago. Al fin, superando el asco, hundió la lengua en el líquido y le dio unos cuantos lametones. Casi inmediatamente, una espesa niebla rosada inundó la estancia. En cuanto se disipó, Miaong-Li observó, alarmado, que todo parecía haberse agrandado hasta alcanzar proporciones gigantescas. Miró a su alrededor y se vio, pero ahora ya no era él, sino la mosca, que ocupaba su cuerpo. Entonces comprendió por qué todo era tan grande: ¡Era EL, quien se había reducido!

Temblando por la emoción, agitó las alas. El suelo empezó a separarse de sus patas, y le entró miedo. Se posó en la pared, y así descubrió otra de las ventajas de ser mosca: Podía andar por la pared sin caerse. Estuvo en la pared durante un buen rato, hasta que decidió que tenía que volar. Se lanzó al suelo, agitando las alas y ya se imaginaba el golpe cuando vio que no se había caído. Revoloteó torpemente hasta la ventana. ¡El mundo le esperaba!

Lo que vio en la Ciudad Imperial le maravilló, aunque fue más por su reducido tamaño que por la belleza de la urbe. Para los ojos de Miaong-Li, una simple naranja era la mayor obra de arte jamás creada, y un gato callejero un tigre de bengala. Pero no todo eran apariencias: Las flores, antaño molestas cápsulas de polen, que además le daban alergia; eran ahora enormes copas llenas de sabroso néctar; una simple pluma era un cómodo colchón...

Mas el mundo era, además de maravilloso, hostil; Por tres veces, a punto estuvieron de acabar sus aventuras debido a los fuertes manotazos de los campesinos, algunas flores eran trampas mortales, como pudo comprobar cuando se posó en una planta carnívora creyendo que era inofensiva, y por todas partes había platos con insecticida y veneno.

Aquel día Miaong-Li disfrutó más que en toda su vida, pero aún así, no le quedaron ganas de repetir. Cuando llegó el crepúsculo, se dirigió a Palacio, lleno de golpes y magulladuras, y anhelando su cama de sábanas de seda.

Cual no sería su sorpresa cuando el gato-mosca se negó a devolverle el cuerpo.

- *Muy estúpida debería ser para renunciar a esta vida! Por otra parte, el líquido se evaporó.. ¡y ahora, LARGATE si no quieres que te devore!* - amenazó el gato.

Sin saber adonde ir, vagó durante horas, hasta que llegó al bosque. Allí vio una luz, y decidió investigar qué era lo que la producía. Cuando llegó al lugar de donde provenía la luz, vio una de las cosas más increíbles que había visto en toda su vida: En un claro del bosque parecían haberse reunido todos los juguetes de la Ciudad Imperial, y lo más asombroso era que actuaban como si tuvieran vida propia: Los coches habían organizado una carrera y competían entre ellos por una copa de madera; una improvisada banda, compuesta, sobre todo, por conejos y osos que tocaban el tambor y los platillos, tocaban como buenamente podían una alegre melodía, al son de la cual bailaban todo tipo de peluches y juguetes. Un poco apartados de la algazara de la fiesta, rifles, pistolas y otras armas de pega practicaban el tiro al blanco, y en una imitación de sus jóvenes dueños, utilizaban como diana un libro de matemáticas. Casi a su lado, las muñecas, divididas en pequeños grupos, jugaban a las casitas y hablaban mal de sus vecinas (por supuesto, las vecinas hacían lo propio).

Miaong-Li estaba contemplando todo, completamente convencido de que estaba soñando cuando un diminuto avión le saludó.

- *¡Hola!* - gritó, intentando hacerse oír por encima del ruido - *¿Cómo es que no estás en la fiesta?*

- *¿Fiesta? Es la primera vez que vengo* - contestó, a gritos también, Miaong-Li.

Aquello fue lo peor que podía haber dicho: El avión (que, por lo visto, tenía vocación de cotorra) se puso a darle un discurso sobre "La Fiesta", del que Miaong-Li sólo entendió que los juguetes, mientras sus dueños dormían, escapaban e iban a divertirse: que en la Ciudad Imperial lo hacían en el bosque, pero que la mayoría utilizaban las clases de los colegios, que permanecían vacías, y que los animales eran bien recibidos porque para entrar y salir de sus casas sin ser vistos, se ocultaban entre su pelo

o sus plumas. El resto fue una perorata sobre lo mal que les trataban sus dueños, lo que a Miaong-Li le importaba bien poco, por lo que apenas prestó atención.

Después de un rato, logró despistar al avión, y como estaba demasiado cansado para ir a bailar, se sentó junto a un grupo de muñecas que ponían todo su empeño en poner verde al novio de una tal MariLoli.

- ¡Pero! ¿Tú has visto las pintas que lleva? - dijo una de ellas, como si su aspecto fuese lo más ofensivo del mundo.

- ¿Que si lo vi? Yo me cruzo con "ese" en la calle y cambio de acera - corroboró otra - No sé como MariLoli se atreve a salir con él.

- ¡EJEM! - les interrumpió Miaong-Li - Buenas noches, señoras.

Todas las miradas se desviaron hacia él. Inmediatamente fue sometido a un minucioso interrogatorio, al que Miaong-Li contestó pacientemente. Ante su sorpresa, las muñecas creyeron todo a pies juntillas, y además le recomendaron que visitase a un tal Tej-Zhu, que además de ser un mago muy poderoso, había sido mosca en su vida anterior (por lo visto los muñecos creían en la reencarnación) y sabía hablar el idioma de los animales. Después volvieron a olvidarse de él y siguieron criticando a la pobre MariLoli y a su novio.

Miaong-Li estaba soñando que Su Alteza le cepillaba el pelo, cuando el Sol le dio de lleno en la cara, despertándole. Atontado y muerto de hambre pensó en todo lo que había pasado.

- ¡Tengo que encontrar a ese Tej-Zhu! - pensó - Pero antes será mejor que coma algo.

El bosque estaba lleno de flores, pero después de que casi lo devorara aquella planta carnívora, no tenía ganas de volver a posarse en una flor, así que se fue volando a buscar algo.

No tardó mucho en divisar unas manzanas podridas, que debían ser la sede del XVI Congreso de moscas, a juzgar por la cantidad de ellas que se habían reunido. Espoleado por el hambre, la mosca Miaong-Li fue hacia allí. Como no tenía experiencia en el trato con otros animales, prefirió posarse un poco apartado. Comió cuanto pudo, y cuando se hubo hartado, pensó que quizá sería buena idea entablar conversación con alguna de aquellas congéneres.

- ¡Hola! ¿Quién eres tú? Tu cara me suena - le dijo una mosca verde que fue a posarse a su lado.

- No ya... Es que en realidad no soy una mosca. Soy el gato del Emperador y me llamo Miaong-Li. Lo que pasa... - las sonoras carcajadas de la otra mosca le interrumpieron.

- ¡Ja, ja, ja! ¡Sí, ya! Tú eres el gato del Emperador y yo el caballo de Atila - rió revolcándose por el suelo.

Miaong-Li iba a darle una paliza, cuando una cría humana pateó las manzanas, lanzándole disparado hacia el cielo.

Se puso a despotricar contra los humanos, cuando oyó unos lamentos semejantes a los de un pájaro herido. Intrigado, fue en esa dirección.

Al llegar, se encontró no con un pájaro, sino con el dragón cometiempo. Supo que lo era porque Su Majestad solía hablarle de ellos, aunque nunca creyó que fueran reales. Intentó recordar todo lo que sabía de ellos.

- Los dragones cometiempo - le había dicho el Emperador - viven en las entrañas de la Tierra y, como si fueran ángeles de la guarda, cada persona, animal o planta tiene uno. Hay quien dice que pertenecen a la misma familia que los vampiros, pues viven de absorber el tiempo, nuestra vida (de ahí su nombre) y son ellos los responsables de que envejecamos. Su forma varía tanto de un cometiempo a otro que es imposible encontrar dos iguales; y lo único que tienen en común son tres cosas: No tienen orejas, aunque poseen un finísimo oído; sus ojos son siempre naranjas, tirando a ocre y los enormes dientes que les cubren la boca son azules.

El ejemplar que vio Miaong-Li tenía un notable parecido con un lagarto. Todo su cuerpo estaba recubierto por una escamosa piel de un confuso color verde-amarillento. Sus pies, semejantes a las patas de los conejos, eran ridículamente pequeños en comparación con sus poderosas piernas de toro. De su tronco de reptil surgían dos fuertes brazos, acabados en sendas manos de seis dedos, y un enorme rabo. Su cabeza, igual a la de los lagartos, tenía dos enormes astas de toro, de color anaranjado y unas fauces que, fácilmente, descuartizarían a un caballo. Por todo ropaje llevaba una túnica morada que le alcanzaba hasta la mitad de las piernas, ceñida a la cintura por un grueso cinturón de cuero. Unas gruesas cadenas ataban sus muñecas y su cuello a una pesada roca.

Al principio, Miaong-Li creyó que era un poco más grande que un pastor alemán, pero era porque estaba hecho un ovillo (como él cuando dormía su siesta aún siendo gato) y casi totalmente cubierto por unos matorrales.

- *Me pregunto qué hará aquí* - murmuró Miaong-Li.

El dragón con su finísimo oído, escuchó enseguida lo que decía. Rápidamente, se incorporó y Miaong-Li vio que era una mole de algo más de dos metros.

- *¿Quién ha hablado?* - aulló.

- *He sido yo* - susurró la mosca, temblando de miedo. El dragón arrugó el hocico.

- *¿Tú?* - dijo señalándole.

Miaong-Li iba a contestar, pero el dragón, olvidando todas las reglas de la cortesía, dijo que una insignificante mosca no era interlocutor de suficiente rango, y continuó sus lamentos y amenazas.

- *¡Roon-Tag! ¡Mago canalla! Encadenarme aquí, con estas cadenas mágicas, para que me muera de hambre. ¡En cuanto me libere pienso comerme toda tu vida de una vez! ¡Ay, qué desgraciado soy! ¡Pobre de mí!* - aulló.

Miaong-Li no dudó que, por muy lejos que estuviera el tal Roon-Tag debía estar oyendo lo que decía el dragón, pues gritaba lo suficiente como para que lo oyeran hasta en la luna.

- *Quizá yo pueda ayudarte* - propuso Miaong-Li.

El dragón resopló.

- *¿Cómo? Con estas cadenas no puedo comer, y no hay otra forma de liberarme. ¡Si hubiera otro cometiempo para hacerme compañía no habría problema, ya que a los tres meses estas cadenas se romperían!*

- *Pero... ¿Por qué te basta la compañía de otro dragón?*

- *¡Porque para nosotros, el estar con uno de los nuestros es lo más importante! ¡Si tuviera compañía, podría pasarme siglos sin comer!*

Mientras el cometiempo reanudaba sus lamentos, a Miaong-Li se le ocurrió que podía invocar a su dragón, y rogarle que hiciera compañía al desgraciado prisionero. Así se lo dijo a éste, que opinó que era una muy buena idea, y le dio las instrucciones para invocarlo. Primero había que hacer tres triángulos con tres piedras para cada uno, después debía verter tres gotas de agua en cada triángulo, y por último, dar tres saltos dentro de cada uno y decir tres veces: "Dragón cometiempo ven".

Así lo hizo la mosca. En cuanto acabó, tres chorros de un raro líquido anaranjado surgieron de los triángulos y fueron a confluír justo encima de la pobre mosca. Afortunadamente, el líquido no llegó a mojarle, pues se fue solidificando hasta adquirir la forma, más o menos, de una tabla de surf, de la que surgieron dos alas, y unas bocas se abrieron en cada esquina.

De repente, la criatura se fijó en el prisionero. Se abalanzó sobre él, al tiempo que profería un grito de alegría, y, a pesar de que no era mayor que un gato, chocó contra él con tanto ímpetu que lo tiró al suelo. Los dos cometiemplos se incorporaron y se pusieron a conversar muy animadamente en su lengua natal, que a Miaong-Li le recordó al ruido que hacen los cristales al romperse.

Como no tenía nada que hacer allí, se fue; no sin antes preguntarles a los dragones si conocían a un tal Tej-Zhu, a lo que el prisionero contestó que, si no recordaba mal, ese mago era un gran amigo del canalla de su dueño y vivía en un pueblo situado a las afueras de la Ciudad Imperial.

Miaong-Li les dio las gracias y se fue en la dirección que le habían indicado.

Tardó casi dos horas en llegar, ya que para una mosca hasta la distancia más pequeña supone andar durante horas.

Cuando llegó ya había anochecido, pues era pleno invierno y los días eran más cortos. Pensó que al brujo no le gustaría que lo despertasen, así que se posó en un tejado y se dispuso a pasar la noche.

- *¡Hola, mosca que fuiste gato!* - dijo alguien a sus espaldas.

Miaong-Li giró la cabeza para ver quién le había hablado. Era un humano. Por las arrugas que lucía en el rostro se veía que, por lo menos, tenía cien años. Llevaba unos viejos zapatones de cuero marrón, un pantalón y una chaqueta que algún día debieron hacer juego, pero ahora estaban tan sucios y remendados que había desa-

parecido todo vestigio de igualdad entre ellos. Por la desabrochada chaqueta podía entreverse una camisa de franela de un color, a caballo entre el amarillo oscuro y el crema claro. Mas, sin duda, el rasgo más peculiar de este personaje era su rostro: Un sombrero de fieltro le tapaba casi toda la frente, aunque no lograba disimular una larga y espesa cabellera, tan canosa que era casi blanca. Unas gruesas cejas ocultaban, casi totalmente, unos pequeños ojos verdes, de mirada pícaro y juguetona. Un espeso mostacho luchaba por cubrirle los labios y una enorme nariz aguileña remataba el conjunto. En su mano izquierda se balanceaba una enorme jaula dorada, dentro de la que reposaba una espesa nube azul.

Miaong-Li iba a preguntarle si le hablaba a él, cuando le dijo.

- No, no hables, porque si lo hicieras dejarías de verme. Soy el Guardián de los Sueños - señaló la jaula y añadió - Están aquí encerrados. Quizá te suene más mi otro nombre: "Coco". Así me llaman en las canciones de cuna, pero... ¡yo no me como a nadie! Vengo a llevarte a la casa de Tej-Zhu, que está al otro lado de la ciudad. ¡Ese inútil de HZSCJ, el dragón cometiempo, se equivocó de dirección! Ven, póstrate en mi hombro.

Miaong-Li obedeció. Un fuerte relámpago iluminó el cielo. Deslumbrado, cerró los ojos. Cuando volvió a abrirlos estaban en el interior de una choza. Las paredes eran de paja trenzada, y el tejado de hojas de platanal. Por todo mobiliario había un viejo baúl de roble y un jergón, sobre el cual dormía plácidamente un hombre que debía ser Tej-Zhu.

Miaong-Li observó, extrañado, al mago. Tenía la piel negra como el azabache, su nariz era chata y ancha, como si le hubieran dado un fuerte puñetazo; los labios eran mucho más anchos y carnosos que los del resto de humanos que conocía, y su pelo era como una especie de costra sobre su cabeza. Miaong-Li no había visto nunca a alguien así.

Entretanto, Coco abrió la jaula. Una voluta de humo azul, un sueño, fue a envolver la cabeza del mago.

- ¿Qué haces? - preguntó Miaong-Li.

No tuvo respuesta. Con un gesto, Coco se despidió antes de disolverse y desaparecer. Entonces, Miaong-Li recordó que no podía hablar. Por eso ya no podía verlo aunque, probablemente, seguía en la habitación.

Mientras el mago dormía, Miaong-Li pensó en todo lo que le había pasado. Comenzaba a arrepentirse de querer volver a su cuerpo. ¿Qué había visto siendo gato? Nada, había pasado tres años encerrado en Palacio, creyendo que su habitación era todo el Universo, sin soñar siquiera con las maravillas que se ocultaban tras la puerta. ¿Qué le había pasado siendo una mosca? Descubrió todo un mundo, participó en una fiesta, había ayudado a un dragón cometiempo y conocido al Guardián de los Sueños...

Miaong-Li decidió que aún le quedaba mucho por ver: ¿De dónde vendría Tej-Zhu? ¿Acaso existen otros hombres como él?

La ronca voz del mago interrumpió sus cavilaciones: Se había despertado.

- Soñé que un insecto venía a pedirme un favor - dijo, pensando en voz alta - ¡Vaya sueño más estúpido!

Entonces levantó la cabeza y vio a la mosca Miaong-Li. Emitió una serie de gruñidos inarticulados a modo de queja.

- ¿Qué diablos quieres, mosca? - gruñó, hablando en el idioma de los animales con una sorprendente falta de acento.

- Nada - contestó Miaong-Li.

Autora: Beatriz Piñeiro Calvo

PARADELA

Festas de San Miguel e das Delores,
campás da igrexa, ledas ou tristeiras,
camiños dondos, corgas costaneiras,
noites de luar, no vrau, longos solpores.

Namela onde collía brancas frores,
noces, figos, amoras das silveiras,
terra de mozas, ledas, cantareiras,
¿qué tes que mórrome de mal de amores?

Terra que vai dende o Toural ó Loio,
veiga onde nacín, doce, verde cunca,
camiño do romeiro a Compostela.
Polo mundo emigrante, triste, soio,
estarei lonxe, pro... esquecerte ¡NUNCA!
Patria dos meus antergos ¡PARADELA!

Manuel Rodríguez López

Do libro "POEMAS POPULARES GALEGOS"

Ed. Celta - Lugo, 1968.

Era o Quince, feira en Paradelas. Xan non o sabía. Dende pequeno vivira lonxe da súa terra. Só recordaba anécdotas. Como unha película pasaban pola súa memoria o mestre na escola, unha cobra tripada nunha corga, a Virxe das Dores en andías o día da festa, unha tarde á procura de niños con outros cativos, longas horas espreitando o que facían os paxariños, os sapos, unha topía...

Manuel Rodríguez López

Do libro "REENCONTRO COA ALDEA"

Edicións do Castro, 1983.

